



BASES DE PARTICIPACIÓN **ESPAZO GASTRONÓMICO DO RIBADEO INDIANO**

1. OBXECTO

O obxecto destas bases é o establecementos das bases para participar no evento temático de espazos gastronómicos materializados nas denominadas “ foodtrucks” con motivo do Ribadeo Indiano na súa Edición .

O concello de Ribadeo quere dar resposta ao incremento da demanda que se produce durante a celebración deste evento en Ribadeo á vez que diversifica as actividades que se desenvolven durante estes días.

2. LOCALIZACIÓN, DATAS E HORARIOS

O espazo onde se localizarán as foodtrucks será aberto e estará localizado na zona superior da praza de abastos de Ribadeo que linda coa Rúa Ramón González.

Este evento se celebrará durante dous días , 8 e 9 de xullo de 2023 e proporcionará comidas a un prezo de mercado fixado polas propias foodtrucks. No estará permitido a venda de ningún tipo de bebidas.

As foodtrucks terán acceso a electricidade e auga no mesmo espazo.

O horario de apertura será de 12:00 a 22:00 h ambos os dous días.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Esta convocatoria estará dirixida a persoas que dispoñan de foodtrucks cos requisitos mínimos:

- Estar dados de alta no IAE que corresponda
- Dispoñer dos permisos necesarios para a manipulación de produtos alimenticios.
- Estar inscritos en el rexistro sanitario / alimentario que corresponda.
- Dispor dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos do exercicio da actividade.
- Dispor dun vehículo homologado, co seguro en regra y revisión de ITV. No caso de que o vehículo supere os 3.500 kg, deberá aportarse tarxeta de transporte do ámbito que proceda.





A organización seleccionará un máximo de 5 foodtrucks. Para poder participar, as persoas ou entidades interesadas deberán cumprir cos requisitos establecidos nas presentas bases de participación, cumprimentar debidamente y enviar en tempo e forma a súa solicitude de participación segundo o **Anexo I**.

Debérase garantir que toda a información que achega ao inscribirse é veraz, responsabilizándose da autenticidade de todos os datos que se comuniquen ao cumprimentar o formulario de participación.

A documentación acreditativa de que se cumpran todos os requisitos só serán requiridos aos 5 foodtrucks que resulten seleccionado. As persoas seleccionadas deberán presentar no prazo máximo de 5 días hábiles desde o requirimento. .Se non se atendera o requirimento no prazo ou a documentación a achegar fora incompleta ou incorrecta, a organización excluírá á persoa seleccionada, pasando a requirir a mesma documentación a seguinte foodtruck mellor valorada.

Xunto coa solicitude deberán presentar das foodtruck e se é posible da decoración prevista

OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

As entidades participantes no espazo para foodtrucks do Ribadeo Indiano comprométense ao cumprimento das seguintes obrigacións.

- As persoas participantes están obrigadas a empregar vestimenta adecuada á temática do mercado (indiana e/ou de colmados da época) e correrá a cargo do responsables da foodtruck.
- Así mesmo os foodtruck deberán ser decorados e ambientados coa temática do mercado (cáñamo, caixas antigas de madeira, obxectos de época etc
- Todos os produtos que se comercialicen no mercado de indianos deberán cumprir a normativa vixente en cada caso. O participante se responsabiliza do cumprimento coa legalidade vixente.
- A organización non se fai responsable das perdas, roubos, furtos ou danos dos materiais e produtos durante o transcurso mercado
- Aceptar as normas e requisitos solicitados polo concello.
- Cumprir as normas vixentes na súa actividade., especialmente as relativas a sanidade e protección do consumidor.
- Cumprir coa normativa de prevención de riscos laborais . É responsabilidade dos participantes estar dados de alta no IAE e o réxime fiscal que lles corresponda, así como dispoñer dos permisos necesarios para manipular produtos alimenticios, a inscrición no rexistro sanitario/alimentario e dispoñer de seguro en regra do vehículo. Cada participante deberá achegar unha copia destes documentos cando se lles sexa requirido.
- Deberanse ter as correspondentes acreditacións sanitarias e en calquera caso recaerá sobre o/a participante a responsabilidade técnico sanitaria.





- O espazo concedido só poderá ser utilizado pola persoa titular que figure na solicitude. A cesión total ou parcial do espazo queda totalmente prohibida entendendo que en ningún caso pode admitirse o subarrendo do mesmo.
- Non acceder ao evento con material perigoso, nin introducir materiais considerados daniños ou inflamables.
- Bo uso do espazo.
- Ser os responsables dos danos que ocasionen no espazo e/ou a terceiros durante a súa asistencia e participación no evento.
- Cada participante encargarse de manter limpo e nas debidas condicións hixiénicas e sanitarias a súa caseta e a contorna do mesmo, así como calquera material ou artigo que necesite para a elaboración dos seus propios produtos.
- Se un participante provocase perturbacións de calquera tipo, a organización resérvase o dereito de clausurar o foodtruck e, no seu caso, facerlle evacuar sen indemnización algunha.
- Cada participante encargarse de recoller o lixo xerado no seu foodtruck e de tiralo ao final do día nos contedores xerais dispostos para iso.
- Os foodtrucks farán bo uso dos seus espazos, sen interferir na boa marcha do evento nin nas accións levadas a cabo no resto dos foodtrucks.
- Atención e acondicionamento do foodtruck.
- Deberá manterse o foodtruck aberto e atendido por persoal contratado polo titular conforme á normativa laboral, e con carné ou certificado de formación en manipulación de alimentos. Deberá contar con mercadoría dispoñible no horario establecido de apertura obrigatoria durante os dous días do evento .
- O abandono do mesmo antes da finalización, e/ou os atrasos na apertura, así como o peche durante algún dos días do evento supoñerían causa de exclusión na próxima edicións.
- Se poderá levar a cabo de montaxe dos foodtrucks o mesmo día do evento . A desmontaxe levarase a cabo á finalización do evento.
- A seguridade dos foodtruck será por conta das persoas titulares, sen que exista limitación algunha para a mobilidade dos mesmo en horario nocturno. Non se prevé contar con seguridade específica contratada para o espazo ocupado polas foodtruck durante a noite.

4. PROCESO DE SELECCIÓN DE SOLICITUDES

4.1 Prazo

O prazo para a presentación de solicitudes de participación comezará no momento de publicación das bases de participación e finalizará o 1 de xuño.





4.2 Avaliación de solicitudes, xurado e criterios de valoración

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, iniciase a fase de avaliación das solicitudes por parte do xurado , que estará composto polo comité organizador do Ribadeo Indiano.

Criterios de avaliación

Se a demanda de participación superase a capacidade establecida, a organización reservase o dereito de elección entre todas as solicitudes presentadas para determinar os foodtrucks que participarán que avaliarán segundo os criterios:

Sostenibilidade. Valorarase positivamente as solicitudes procedementos do sector local, comarcal e provincial, en orde decrecente así como o emprego de produtos da zona.

Gastronomía. Valorarase que a gastronomía ofertada estea relacionada en maior medida coa comida indiana. Asemade buscarase a variedade da proposta culinaria ofrecida no conxunto de foodtrucks seleccionados

Estética e adecuación Á festa. Se valorará positivamente que a estética proposta da foodtruck sexa a mais adecuada coa temática do Ribadeo Indiano. Deberán describir a decoración e estética proposta , xunto cunha foto da foodtruck no momento da solicitude.

En caso de empate, a hostalería local terá prioridade durante o proceso de selección , sempre e cando se cumpra cos estándares mínimos establecidos pola organización ., polo que non é unha condición suficiente por sí mesma que implique a selección.

4.3 Prezo de participación

O prezo de participación se calculará conforme a taxa T.19 do Concello de Ribadeo.





SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

ESPAZO GASTRONÓMICO. VII EDICIÓN RIBADEO INDIANO

ENTIDADE / NOME COMERCIAL /NOME DA FOODTRUCK	
NOME E APELIDOS (Representante)	
ENDEREZO COMPLETO a efectos de notificación	
DNI/ CIF ou equivalente	
TELÉFONO DE CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO	
RELACIÓN DE PRODUTOS / PRATOS A VENDA	





MEMORIA

1.- ESTÉTICA. DESCRIPCIÓN DA AMBIENTACIÓN, DECORACIÓN DA FOODTRUCK E DAS PERSOAS RESPONSABLES.

2.- DESCRIPCIÓN DOS PRODUTOS A VENDER, PRATOS, RECEITAS E CALIDADE E ADECUACIÓN DOS MESMOS Á TEMÁTICA DO POSTO ETC.

3.- VINCULACIÓN AO TERRITORIO (SOSTIBILIDADE)

4.DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Fotografías

(Unha vez seleccionada será cando se requira a documentación prevista nas bases)

